

O 25 de marzo, tal e como se acordou nas asembleas, temos unha cita transcendental para reivindicarnos como colectivo.

Da análise da situación detráense incumprimentos que afectan moi negativamente a aspectos importantísimos da actividade e estrutura do Persoal Laboral da Universidade da Coruña.

RPT

O incumprimento é flagrante, levamos seis anos agardando. Nos Estatutos da Universidade e no Convenio Colectivo establécese a obrigatoriedade de facelas cada dous anos (deberíamos estar, neses seis anos transcorridos, a piques de ter a terceira nas nosas mans).

Intentamos, por todos os medios ao noso alcance, reconducir a situación. Reclamamos a intervención do propio Reitor, que non fixo máis que reafirmar a posición institucional. Propuxemos, como Comité, alternativas que non foron escoitadas. Como o tempo transcorría sen ningún cambio actuamos dun xeito limitado sen que isto modificase nin un ápice a posición do goberno da universidade.

Déronnos prazos que incumpriron, tamén, dun xeito reiterado.

TRANSITORIA II

No segundo Convenio Colectivo marcábanse prazos para a súa execución derivando, as telefonistas a principios do ano 2007 e o resto levaríase á práctica na preceptiva RPT do ano 2007. O feito de que se retrasen, sine die, as RPT provoca que as lexítimas aspiracións do persoal afectado estean, a día de hoxe, postas en tea de xuízo, o que provoca unha absoluta incerteza no colectivo.

CONVOCATORIAS

Publícanse sen ningún criterio, despois de agardar anos por elas (estase a executar a Oferta de Emprego do ano 2005) a desorganización faise patente. A Xerencia, que descarga a responsabilidade no servizo de PAS, non sabe os motivos da tardanza.



PROFESIONALIZACIÓN DA XESTIÓN

O persoal laboral é o máis afectado polo intrusismo profesional. Docentes e alumnos desenvolven de xeito cotián traballos e responsabilidades propios do noso colectivo.

Os postos de responsabilidade, unha gran cantidade realízanos por PDI que compatibilizan as súas tarefas docentes coas xefaturas correspondentes. Os poucos postos deste tipo exercidos por persoal laboral están, en moitos dos casos, desenvolvéndoos por “designación” dado que o posto non aparece na RPT.

Corresponde, neste aspecto como en todos os demais, reclamar en primeira instancia a racionalidade e reivindicar o que o actual reitor comprometía no seu programa electoral.

PRECARIEDADE

Xunto con todos os aspectos anteriores, no colectivo de persoal laboral concorre a circunstancia da existencia dunha gran bolsa de precariedade: Contratos tipo Labora, contratados/as a través de ETT, multitude de contratos realizados a través do Capítulo VI do Orzamento da Universidade... Todos/as eles/as facendo traballos propios de Persoal laboral e desvinculados de calquera dereito que corresponde a traballadores suxeitos ao Convenio Colectivo do PAS e nunha situación absolutamente precaria.

Todo isto choca directamente, moitas veces, coa legalidade vixente en materia de contratación e, en todos os casos, co comprometido no programa electoral do actual reitor.

Mentres que o equipo reitoral presume de cumprir os seus compromisos, no caso do PAS laboral adíanse indefinidamente, poñéndonos nunha situación insostible e obrigándonos a actuar.

O PAS Laboral decidiu que non vai agardar máis para rexeitar esta situación e reclamar dos que gobernan a universidade que cumpran os compromisos acadados. Nin máis nin menos que o que se reflicte no Convenio e nos Estatutos, e no programa electoral dos que hoxe nos gobernan.

O día 25, e decidido nas asembleas, convocamos unha folga desde as 8 ás 12 horas da mañá, acompañada dunha concentración na Reitoría desde as 9 h., se sempre que se convocan accións deste tipo é necesario a presenza de todos/as agora moito máis. Xogámonos a consideración do colectivo.